ANPA CASTRO BAXOI CIF: G-15370273

CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE FIRMAS CONTRA A NEGATIVA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA, DE DOTAR DE MÁIS MESTRES Á ÁREA DE EDUCACIÓN ESPECIAL DO COLEXIO CPI CASTRO BAXOI DE MIÑO.

Trala recente negativa da Consellería á solicitude feita polo centro educativo, CPI CASTRO BAXOI, de reforzar con máis mestres de Educación Especial, a área de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), que desgraciadamente cada ano vai en aumento; non podemos deixar de ningunha maneira desamparado a este colectivo de alumnos, que por outra banda son os máis vulnerables e que máis axuda e protección precisar obter.

Estes estudantes requiren dunha atención personalizada e especializada, para a cal só están formados e especializados os PT (Profesores de Pedagoxía Terapéutica) e os AL (Profesores de Audición e Linguaxe) e privarlles de dita atención pode ser moi determinante para o seu futuro académico e para a súa inclusión na vida escolar e social.

Como representantes da maioría de pais en nais de alumnos e alumnas do centro escolar sendo os principais interesados en que os nosos pequenos e pequenas reciban unha educación de calidade nas mellores condicións de igualdade e non discriminación; temos a firme crenza de que sómente formando os nosos nenos e nenas conseguiremos avanzar como sociedade moderna, e lograr que a igualdade, a solidariedade e a integración sexan unha realidade, e sabemos que para iso precisamos que o centro teña a súa disposición o equipo docente necesario para tal finalidade.

A Educación é o ben máis prezado que toda sociedade debe garantir, pois tratase do benestar e futuro dos nosos pequenos, e contra iso non podemos tolerar ningún tipo de recorte ou axuste por parte da Consellería.

Tendo en contra todo o anteriormente exposto, firmo o presente documento, mostrando así o meu apoio a ANPA Castro Baxoi na súa reivindicación de dotar de máis mestres de Educación Especial (AL e PT) o noso centro escolar CPI Castro Baxoi.

Nombre y apellidos	DNI	Firma

Conforme ó artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal lle informamos do seguinte:

Na ANPA Castro Baxoi con CIF g15370273, tratamos a información que nos facilita co fin de conseguir aumentar o número de mestres de Educación Especial no centro escolar. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais e atender as posibles responsabilidades que puideran derivar do cumprimento da finalidade para a que os datos foron obtidos. Os datos non se cederán a terceiros salvo nos casos que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a obter información sobre si na Anpa Castro Baxoi estamos tratando os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e potabilidade de datos e oposición e limitación o seu tratamento ante a asociación citado nas súa dirección postal e electrónica (correo@anpacastrobaxoi.gal) axuntando copia do seu DNI ou documento equivalente. Así mesmo, e especialmente se considera que non obtivo satisfacción plena no exercicio dos seus dereitos, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade nacional de control dirixíndose a estes efectos a la Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid.